TRABALLAMOS O VOCABULARIO. (Escribe todo en minúsculas e acentúa se se necesita).

1.-Substitúe as expresións subliñadas por outras do vocabulario traballado en "Neko" que sexan sinónimas.

Dá gusto velo bailar. Faino xenial.

Estivo a punto de conseguir medalla, pero quedou cuarta.

A pota do polvo ferve moito e moi forte, quítalle un pouco de lume.

Sempre está veña e dálle, discutindo co seu irmán.

2.- Relaciona as dúas columnas unindo as palabras sinónimas.

Ren	1. apestar
acougo	2. gustar
lene	3. brillo
devecer	4. nada
trousar	5. suave
testán	6. calma
chistar	7. devolver
lustre	8. teimudo
feder	9. ansiar

3.-Co vocabulario estudado, completa as oracións coa palabra axeitada.

Nevou moi pouco, apenas caeron unhas _____.
Viches a Xan na festa? Sí, estivo sentado ao meu _____. (non uses "lado")
Na festa facía un calor _____, case non se daba respirado.
O equilibrista deu un _____ e baixou da corda. (non uses "salto")

4.- Escribe un sinónimo para cada unha destas palabras:

espertar: _____ dereito: _____

apartar: _____ momento: _____

pasmón:_____

5.- Relaciona a expresión co seu significado.

Á mantenta	andar na punta do pé
Andar no bico do pé	Intencionadamente
Facerlle festas a alguén	Facerlle mimos ou xogos

LIVEWORKSHEETS